



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº5/2025
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 31 DE XULLO DE 2025 -

No día de hoxe, ás 21:00 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN:

PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

AZUCENA CAO SIERRA

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometidas a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Seguimos sen aprobar por non gravar os Plenos*”

. O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 29 de maio de 2025.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da Alcaldía e o Pleno queda enterado das seguintes:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H
Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)
Tel. 981414002 Fax. 98141451
correo@manon.es; www.manon.es

Nº Decreto	Asunto
------------	--------



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00154/2025	APROBACIÓN PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE PROXECTOS DE ANIMACIÓN Á LECTURA MARÍA MOLINER EN MUNICIPIOS
00155/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 4/2025
00156/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO DESPRAZAMENTOS SAF
00157/2025	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
00158/2025	APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO DE TRIENIO
00159/2025	APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO DE SERVIZOS PRESTADOS A EFECTOS DE ANTIGÜEDAD E RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS
00160/2025	APROBACIÓN DE PERMISOS Y LICENCIAS DE PERSONAL
00161/2025	APROBACIÓN DE CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 7/2025
00162/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025
00163/2025	APROBACIÓN COPAGO SAF MARZO 2025
00164/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS VIXIANCIA RESCATE E SALVAMENTO EN ESPAZOS ACUÁTICOS
00165/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN XORNADA DE SAÚDE «Obradoiro AFA Viveiro Coidar sen descoidarse» dentro do PACTO DE ESTADO 24/25
00166/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00167/2025	APROBACIÓN CONVENIO FORMACIÓN DUAL - ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA. (01/09/2025-31/08/2027)
00168/2025	APROBACIÓN ALTA SAF
00169/2025	APROBACIÓN CONVENIO SISTEMAS ENERGÉTICOS MAÑÓN-ORTIGUEIRA-RENOVACIÓN TECNOLÓXICA PARQUE EÓLICO CORISCADA
00170/2025	APROBACIÓN DE XERACIÓN DE CRÉDITOS MELLORA ABASTECIMIENTO NO DEPOSITO DE GRAÑAS
00171/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS MELLORA DAS MARXES NO CAMIÑO DA BARCA
00172/2025	APROBACIÓN PROPOSTA ADXUDICACIÓN EXPLOTACIÓN CHIRINGUITO AREA RECREATIVA DE ESTEIRO
00173/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN CAMPAMENTO DE VERAN "VERAN ACTIVO EN MAÑÓN"
00174/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS
00175/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA PRAZA DE OFICIAL PARA ATENCIÓN DO SERVIZO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE
00176/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA DE TRES PRAZAS DE PEÓN A XORNADA COMPLETA, PARA LIMPEZA DE PRAIAS - PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS DESTINADO A CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
00177/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO PRAZAS DE PEÓN, A MEDIA XORNADA, PARA LIMPEZA DE PRAIAS
00178/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00179/2025	APROBACIÓN ADXUDICACIÓN CHUIRINGUITO DE ESTEIRO



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00180/2025	APROBACIÓN FORMACIÓN E RECOÑECEMENTOS MÉDICOS BRIGADAS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTALES 2025
00181/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZO DE TRANSPORTE – EXCURSIÓN Ó AQUAPARK XUÑO 2025
00182/2025	APROBACIÓN SOLICITUDE PROXECTO DINAMIZARTJ 2025
00183/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN APROL RURAL- XUNTA DE GALICIA
00184/2025	APROBACIÓN SOLICITUDE CAMPAMENTO DIXITAL POR CIBERVOLUNTARIOS
00185/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN XORNADA SAÚDE: XORNADA RESPIRO
00186/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN OFICIAL PARA ATENCIÓN DO SERVIZO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE
00187/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN TRES PRAZAS DE PEÓN , PARA LIMPEZA DE PRAIAS - PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS DESTINADO A CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
00188/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN BANDA DE MÚSICA DAS PONTES POR REDE CULTURAL 2025
00189/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SOCORRISTA PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA DA PISCINA MUNICIPAL.
00190/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN CINCO PRAZAS DE PEÓN, A MEDIA XORNADA, PARA LIMPEZA DE PRAIAS
00191/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO
0192/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 8/2025
00193/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO DESPRAZAMENTOS SAF
00194/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
00195/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00196/2025	APROBACIÓN PROXECTO SUBSANADO SEGUNDO A 2ª COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN "MELLORA DO CENTRO DE INTERPETRACIÓN MEDIOAMBIENTAL RÍO SOR"
00197/2025	APROBACIÓN PROXECTO ESTRADA IGREXA O BARQUEIRO ASINADO O 6 DE MAIO DE 2025
00198/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS MELLORA DA PISTA DE PORTOVELLO A CURRODEGUAS E OUTRAS
00199/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DO PALLASO POPÍN POR REDE CULTURAL 2025
00200/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS ACTIVIDADES ENVELLECIMENTO ACTIVO 2025
00201/2025	APROBACIÓN COPAGO SAF ABRIL 2025
00202/2025	APROBACIÓN SOLICITUDE ANTICIPO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026
00203/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS ACONDICIONAMENTO E HUMANIZACIÓN DA RUA DON FEDERICO MACIÑEIRA E PARDO DE LAMA
00204/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN TRES PRAZAS DE CONDUCTOR/A VEHÍCULO MOTOBOMBA INCENDIOS 2025
00205/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

	DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00206/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00207/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN DÚAS PRAZAS DE XEFE/A DE BRIGADA INCENDIOS 2025
00208/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN OITO PRAZAS DE PEÓN BRIGADA INCENDIOS 2025
00209/2025	APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VOLTA E DALLE
00210/2025	APROBACIÓN ACEPTACIÓN ACHEGA FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2025
00211/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO DESPRAZAMENTOS SAF
00212/2025	APROBACIÓN BAIXA DEFINITIVA PERSOAL SAF
00213/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO DESPRAZAMENTOS SAF
00214/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL N° 9/2025
00215/2025	APROBACIÓN ACCESO PRAIAS ANIMAIS DE COMPAÑÍA

3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2024 (EXPEDIENTE: 2025/T017/000001)

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2024.

O Sr. Rego Baamonde manifesta: *“As inversións están como están; dos presupostos que veñen da Deputación moito desvío para gastos correntes.”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do P.S. de G-PSOE, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2024 unha vez cumpridos os trámites dispostos no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO.- Render a Conta ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas e remitir copia da mesma á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da información que contén a Conta Xeral do Orzamento na sede electrónica do Concello para xeral coñecemento.

4.- DAR CONTA DO DECRETO N° 196/2025, DE DATA 3 DE XULLO DE 2025.

Dáse conta ó Pleno que queda enterado do Decreto n° 196/2025, de data 3 de xullo, que se transcribe literalmente:

“D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón,

Con data 5 de febreiro de 2025 o Pleno da Corporación acordou aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluía o proxecto MELLORA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL RÍO SOR.

A Deputación Provincial da Coruña con data 17 de marzo de 2025 comunica ao Concello deficiencias da solicitude que deberan ser corrixidas.

Realizadas as emendas requeridas, con data 30 de abril de 2025 aprobase por Decreto da Alcaldía o proxecto subsanado asinado polo Arquitecto D. Isidro López Yáñez con data 29 de abril de 2025.

A Deputación Provincial da Coruña con data 12 de maio de 2025 comunica ao Concello deficiencias sobre a documentación presentada.

Realizadas as emendas requeridas.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto ACONDICIONAMENTO E HUMANIZACIÓN RÚA D. FEDERICO MACIÑEIRA E PARDO DE LAMA (O BARQUEIRO) asinado polo Arquitecto D. Isidro López Yáñez con data 18 de xuño de 2025 coa subsanación das emendas requiridas pola Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución, ós efectos oportunos, á Deputación Provincial da Coruña.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión que se celebre.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O Alcalde D. Alfredo Dovale Pedreira”

5.- RATIFICACIÓN DO DECRETO Nº 197/2025, DE DATA 4 DE XULLO.

Polo Pleno examínase o Decreto nº 197/2025, de 4 de xullo.

Examinada a documentación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Ratificar o Decreto nº197/2025, de data 4 de xullo que se transcribe:

“D. Alfredo Dovale Pedreira, alcalde do Concello de Mañón.

Con data 5 de febreiro de 2025 o Pleno da Corporación acordou aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluía o proxecto ESTRADA IGREXA O BARQUEIRO.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con data 18 de marzo de 2025 resolve non autorizar as obras solicitadas na explanada de acceso á igrexa e cemiterio en cuxo centro se atopa o cruceiro.

Vista a resolución desfavorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, solicítase a redacción dunha nova versión do citado proxecto, na que se substitúen as actuacións previstas na praza sita fronte á Igrexa por unha nova intervención de natureza similar ás restantes incluídas en proxecto.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto ESTRADA IGREXA O BARQUEIRO, asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos D. Pablo Blanco Ferreiro con data 6 de maio de 2025.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución, ós efectos oportunos, á Deputación Provincial da Coruña.

TERCEIRO.- Ratificar ante o Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión que se celebre. En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O Alcalde D. Alfredo Dovale Pedreira”

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

6.- APROBACIÓN FESTAS LOCAIS ANO 2026 (EXPEDIENTE: 2025/X999/000083)

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comunica as datas das festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como, as festas de ámbito estatal para o ano 2026 e require que se traslade proposta na que consten as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable do término municipal.

Vistas as propostas presentadas polos grupos municipais

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar para o ano 2026 as seguintes festas locais:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- 20 de marzo: Festivo local
- 7 de setembro: Festa da Patroa

SEGUNDO.- Remitir, ós efectos oportunos, certificación do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. González Trasancos que formula as seguintes:

- “Duchas da praia, qué pasa con elas? Agora non hai fonte nin nada”

Sr. Alcalde: “ Está pedida unha de cantería pero a teñen que facer”

- Sr González Trasancos: “Fabriquín, cómo está?”

Sr. Alcalde: “Agora hai que facer a solicitude á Xunta”

- Sr González Trasancos: “ Limpeza de Bares, cómo está? Estouno recordando porque verías as fotos que están por ahí”

Sr. Alcalde: “estáse limpando a Villa, e despois limparase o Porto”

- Sr González Trasancos, pregunta “ A fonte que rompeu; antes había tres”

Sr. Alcalde: “Habería que poñelas todas porque ademáis está alí a auga”

- Sr González Trasancos, “Non sei porque non se pode utilizar a toma de auga que está diante dos contenedores”

Sr. Alcalde: “ Deixouse porque había alí unha arqueta”

- Sr González Trasancos, “Houbo veciños que lle botaron lexía ós contenedores; alí en inverno chegan tres contenedores porque se non échense todos”

Sr. Alcalde: “ Eu encarguei que se limparan”

- Sr González Trasancos:” Os contenedores que hai arriba na carretera habería que poñerlle un carteliño que poña que os muebles se recollen tal día”

-Sr González Trasancos, pregunta ”A Base Americana, qué?”

Sr. Alcalde. “ Aínda non lle dixen nada ós meus compañeiros: Valentín Formoso propoñía que se lle cedera á Deputación para facer un museo dos americanos, para unir a todas as baterías de Costa que hay na zona de Ferrol; díxenlle que tería que vir ó Pleno para aprobalo”

-Sr. González Trasancos, pregunta “ O mantemento da caseta dos paxaros, a segue facendo o Concello”

Sr. alcalde: “ Faina o Concello”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. González Trasancos: “Cómo vai o Semáforo”

Sr. alcalde: “ Hai que facer unhas reparacións e despois sacarase a concurso”

- Sr. González Trasancos: “ Luz do parque”

Sr. Alcalde: “cando fagamos a renovación do alumado de Bares farase”

Sr. González Trasancos: “ Cándose vai empezar”

Sr. alcalde: “ Cando teñamos os permisos”

A continuación intervén o Sr. Rego Baamonde que formula as seguintes:

- “A residencia da terceira idade, dixeche no último Pleno que falarades co Presidente por si tocaba algunha ; sábese algo?

Sr. Alcalde: “Non se sabe nada”

- Sr Rego Baamonde, “ Vallas de obras; están postas algunhas pero o resto de buracos seguen sen protección”

Sr. Alcalde: “ A veces tampouco é necesario levar vallas para todos os lados”

Sr Rego Baamonde, “ Si é un furado debería ter vallas porque pode ser conflictivo; hai que poñelas, non é para que estean gardadas no almacén”

- Sr Rego Baamonde, “ITV, leva máis de seis meses coa ITV, debe ser algo moi complicado”

Sr. Alcalde: “Eu preguntei a algún veciño e dixeron que si tiñan que arreglar algo preferían ir a Ortigueira”

Sr Rego Baamonde: “Da outra vez dixeche que ás empresas non lle saía rentable e o que debe importar son os veciños”

- Sr Rego Baamonde: “No último Pleno dixeche que ía a preparar o da Deputación o da intersección co AC-101; hai dous meses”

Sr. Alcalde: “ Sí que preguntei ó da Xunta porque lle pedín un paso de peóns diante da Igrexa de Bares e despois comenteille o do cruce de Mañón”

Sr. Rego Baamonde, “Hoxe precisamente houbo un alcance connigo”

Sr. Alcalde: “ Díxenlle que o ía pedir por escrito”

Sr Rego Baamonde: “Hai que facer un escrito porque levamos cinco anos con esto”

- Sr Rego Baamonde, “Administrativo da Oficina Agraria Comarcal”

Sr. Calvín Fondevila: “ A idea da Xunta é manter as tres prazas e que a cuarta por agora é complicado”

- Sr. Rego Baamonde: “Deberíades facer algo de forza os Concellos afectados”

Sr. Calvín Fondevila “Tes razón, o que non podemos é perder servizos”

- Sr Rego Baamonde pregunta “ Ordenanza forestal, en qué paso vai?”

Sr. Alcalde: “Temos que facer algo que sexa fácil de aplicar”

Sr Rego Baamonde: “Levamos cinco anos sen facer nin o preámbulo”

Sr. Alcalde: “Son o principal interesado, hai que dar prioridades””



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr Rego Baamonde: “Tardar cinco anos non é unha prioridade”

- Sr Rego Baamonde pregunta: “O rexistro de camiños, cómo vai?”

Sr. Alcalde: “Primeiro se fixeron os de accesos a parcelas agrícolas”

- Sr Rego Baamonde pregunta : “ O tractor de SEAGA , segue sen Convenio? Cómo é posible que siga sen Convenio, sin papeles?”

Sr. Alcalde pregunta: “Cál é o problema; foi un Convenio de palabra; o que tí queres é que non o teñamos; o tractor está traballando”

Sr Rego Baamonde pregunta: “ Me parece tercermundista; é normal, é legal? O resto das cousas que están no Concello están sen papeles?”

Sr. Alcalde: “Temos que dar gracias de telo para traballar”

Sr Rego Baamonde: “ Entonces non fai falta convenio”

- Sr Rego Baamonde:” Camiño dos arrieiros, falaches de facer un mural, fixeches algo?”

Sr. Alcalde: “Non”

Sr Rego Baamonde, “ Non interesa”

- Sr Rego Baamonde, pregunta “Escolar de Freitido”

Sr. Alcalde: “Falta o informe de carreteras”

- Sr Rego Baamonde: “O escolar de Campo Azcoito, o lousado debe ter furados”

- Sr Rego Baamonde, “Dixen que era interesante poñer unhas pezas antideslizantes nas pasarelas”

- Sr Rego Baamonde, pregunta “Plásticos agrícolas”

Sr. Alcalde: “ Pregunteiche si pagades a basura dos plásticos”

Sr Rego Baamonde: “Pois entonces explícallo á xente que bota os plásticos nos contenedores; aquí falouse fai seis ou oito meses si non se podería facer algo parecido a Ortigueira”

- Sr Rego Baamonde: “Falando de contenedores, tan pronto como empeza a haber cristales, deixase todo por fóra; sería posible poñer outro contenedor?”

Sr. Alcalde: “Agora non temos de vidro”

Sr. rego Baamonde: “estar por fóra non é o problema, pero boa imaxe non da”

- Sr. Rego Baamonde: “Estiven en Padrón e víñ uns trípticos sobre recomendacións ós turistas para que foran bos turistas; paréceme que era unha cousa boa para copiar; era ben poñelos en zonas visibles; habería que variar cousas porque non todos temos as mesmas cousas”

- Sr. Rego Baamonde: “ Dende fai anos lévase botando en contra das actas do Pleno basándonos en que non se graban os Plenos; a única Secretaria á que non se lle aproban as actas é a de Mañón porque non se graban.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Levamos dúas horas e van a sair cinco folios; a máis perxudicada é a Secretaria, non fai falta máis que eso, grabar os Plenos

Ás 22:29 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.
Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dña. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira